



Sticta limbata (Sm.) Achn.

Este lique atópase en Galicia en bosques húmidos ou moi húmidos. Ten preferencia polas cortizas con musgos (foto 1) e ás veces sobre rochas musgosas. É unha especie en regresión por mor da diminución dos bosques autóctonos. Similar a *Sticta fuliginosa* (ficha 21) pero con sorallios.

Talo foliáceo de lóbulos anchos de 1 a 3 cm de ancho, de cor parda a gris azulada dependendo do nivel de hidratación (fotos 1, 2, 3). Sorallios de cor gris azulada (fotos 2, 3) con soredios granulados (foto 4). Gara inferior tomentosa de cor castaña clara, con numerosas cistelas (foto 5) de ata 2 mm de diámetro.

Fotobionte: cianobacteria, cadeas de *Nostoc*.

Reaccións: negativas. Sen substancias líquénicas.